

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión do sete de novembro de dous mil once, aprobou o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Humanidades, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a quince de novembro de dous mil once, con Vº e praxe do Sr. reitor.

Vº e praxe
O reitor



Juan J. Casares Long



**REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DA FACULTADE DE HUMANIDADES DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CAMPUS DE LUGO)**

(Aprobado en Xunta de Facultade o 27 de setembro de 2011)

TITULO PRELIMINAR

Artigo 1.

A Xunta de Facultade de Humanidades, no cumprimento das funcións que se lle conceden nos Estatutos da USC, rexerá o seu funcionamento seguindo este Regulamento de réxime interno, tal e como se establece no artigo 99 dos Estatutos da USC.

Artigo 2.

A Facultade de Humanidades é o Centro da USC encargado da organización e xestión no campus de Lugo dos estudos conducentes á obtención das licenciaturas en *Humanidades e Filoloxía Hispánica*, do grao en *Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, do grao en *Lingua e Literatura Españolas*, do máster en *Servizos Culturais*, así como daqueles estudos de grao e posgrao da rama de Artes e Humanidades que se implanten no campus de Lugo de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 3.

Segundo se establece no artigo 56 dos Estatutos da USC, a Facultade ten as seguintes funcións:

- a) A elaboración dos planos de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro e a participación nos procedementos que estableza a universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e posta en marcha de medidas para a realización de prácticas externas.
- g) A realización das actividades de xestión académica que lle encomende a universidade.
- h) A administración dos servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.
- i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
- j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
- k) A promoción de estudos de grao e posgrao.

TITULO I

CAPITULO I

DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 4.

Os órganos de goberno e administración da Facultade son os seguintes: (1) a Xunta de Facultade, (2) o Decano, (3) os vicedecanos, de ser o caso, (4) o secretario.

Artigo 5.

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 6.

1. A composición do Pleno da Xunta de Facultade é a seguinte:

- a) O Decano, que a presidirá e convocará.
- b) Os vicedecanos, de ser o caso.
- c) O secretario, que o será tamén da Xunta.
- d) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censados nel, e o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior a 90 horas:
Todo o persoal con vinculación permanente, que representará o 51%.
O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta.
- e) Unha representación do estudiantado do 32% do total da Xunta. O estudiantado de primeiro e segundo ciclo, grao e posgrao, non pode representar menos do 27%.
- f) O persoal de administración e servizos censado no centro, cunha representación do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous representantes.
- g) Tamén deberá ser convocado para a Xunta, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite ou a presidencia da Xunta de Facultade o considere oportuno.

2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados no sector polo que se foi elixido. Se algún dos representantes perdese a súa condición de membro da Xunta durante o período do seu mandato, o seu posto será ocupado ata o final do período polo seu suplente, que será o que sucesivamente obtivese máis votos nas eleccións correspondentes.

3. Profesorado, axudantes e bolseiros estarán censados soamente nun centro desta Universidade, nas condicións que estableza o Consello de Goberno. O estudiantado figurará no censo daqueles centros responsables da titulación ou titulacións en que estea matriculado.

Artigo 7. Competencias do Pleno da Xunta de Facultade

Son competencias do Pleno da Xunta, de acordo co artigo 101 dos Estatutos da USC, as seguintes:

- a) A elección do Decano e, de ser o caso, a súa revogación.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de Réxime Interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de planos de estudos das titulacións radicadas no centro, en consonancia coa lexislación vixente e coas normas xerais emanadas da Universidade.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización de cursos ou estudos de posgrao.
- f) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- g) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- h) A organización de servizos docentes para a obtención de títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- i) A programación dos servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- k) A creación de comisións delegadas.
- l) O pronunciamento sobre aqueles asuntos que lle sexan sometidos polo decanato ou as comisións.

CAPÍTULO II

DO FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 8.

O pleno da Xunta de Facultade convocarao o Decano, con carácter ordinario polo menos unha vez por trimestre e con carácter extraordinario a iniciativa do Decano ou a pedimento de:

- un terzo dos seus membros,
- as tres cuartas partes da totalidade dos integrantes dun sector no pleno da Xunta de Facultade: PAS, bolseiros, estudantes ou profesores,
- a maioría simple da Comisión Permanente.

En caso de ausencia do Decano será o vicedecano quen convocará o pleno da Xunta. De haber máis dun vicedecano, será o vicedecano designado polo Decano para suplilo na actividade ordinaria nas circunstancias de ausencia, enfermidade ou impedimento regulamentario quen convocará o pleno.

Artigo 9.

1. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión. A convocatoria deberá ser comunicada cando menos con 48 horas de anticipación correspondentes a días hábiles, excepto no caso de convocatoria extraordinaria e urxente. A convocatoria da Xunta de Facultade se realizará mediante correo electrónico dirixido a todos os seus membros.

2. Na convocatoria ordinaria, a documentación ou información relacionada directamente cos asuntos que impliquen toma de decisións deberá estar ao dispor dos membros da Xunta cunha antelación de corenta e oito horas.

3. A Xunta de Facultade poderá convocarse para calquera día lectivo do curso académico, tomando en consideración que se considerarán inhábiles para tal fin, o mesmo que para a convocatoria de calquera órgano colexiado no que participe o alumnado, do 1 de agosto ao 15 de setembro ámbolos dous incluídos, segundo o acordo adoptado no Consello de Goberno do 27 de xullo de 2010.

Artigo 10.

1. A orde do día será elaborada polo Decano. Nela figurarán as mencións de aprobación da Acta da sesión anterior, asuntos de trámite, rogos e preguntas (agás que a Xunta se convoque con carácter extraordinario).

2. Con antelación á convocatoria da Xunta ordinaria poderán presentarse propostas de inclusión de puntos a tratar na orde do día, que deberán ser avaladas polas sinaturas do quince por cento dos membros da Xunta ou as tres cuartas partes dun sector.

Artigo 11.

A Xunta de Facultade e todas as comisións constituiranse validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros e a presenza do Decano e o secretario, ou aqueles que os substitúan de acordo cos procedementos regulamentados. En segunda convocatoria esixírase, cando menos, a presenza dunha cuarta parte dos membros, e a presenza do Decano e o secretario, ou aqueles que os substitúan de acordo cos procedementos regulamentados. Nesa segunda convocatoria a xunta ou comisión constituiranse media hora despois da primeira. Para debater a moción de censura do Decano será necesaria a presenza da maioría absoluta dos membros da Xunta. Contéplase a posibilidade de organizar a presenza de membros da xunta por videoconferencia.

Artigo 12.

1. A Xunta de Facultade será presidida polo Decano ou quen faga as súas veces, asistido polo

seu equipo de goberno.

2. O Decano dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates.

3. O Decano, tendo en conta a opinión da Xunta de Facultade, interpretará o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión.

Artigo 13.

1. As decisións pódense tomar por asentimento ou por votación. As votacións poderán ser públicas e a man alzada, para axilizar o procedemento, ou ben secretas cando así sexa solicitado por algún membro, por escrito ou oralmente na sesión.

2. Nas votacións en xunta non se admitirá a delegación de voto nin en membro da Xunta nin en persoas alleas. Tampouco será admitido o voto anticipado.

Artigo 14.

1. Unha vez debatido un punto da orde do día, terá lugar, se procede, a votación. A votación decidírase por maioría simple, agás nos casos en que se contemple outra fórmula.

2. De existiren unicamente dúas propostas, efectuarase unha votación entre ambas dúas e aprobarase a que acade a maioría simple en primeira votación.

3. De haber máis de dúas propostas, efectuarase unha primeira votación conxunta de todas elas. Posteriormente procederase a unha segunda votación entre as dúas máis votadas.

4. En caso de empate procederase a unha nova votación, despois da cal, de persistir o empate, decidirá o voto de calidade do Decano.

Artigo 15.

A Xunta da Facultade arbitrará os mecanismos necesarios para que os diversos sectores desta estean puntualmente informados dos acordos que se adopten tanto no Pleno da Xunta coma nas comisións.

Artigo 16.

1. A secretaría da Xunta desempeñará o secretario da Facultade que, na súa condición de fedatario dos actos e acordos daquela, levantará acta de cada sesión. Nos supostos de imposibilidade de asistencia por parte do secretario, fará as súas veces outro membro da Xunta, mediante designación decanal.

2. En cada acta especificaranse necesariamente:

a) Os membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, engadindo as ausencias comunicadas.

b) A orde do día da sesión.

c) As circunstancias de lugar e tempo nas que se celebrou.

d) Os puntos principais das deliberacións. Como anexos, documentación oficial manexada na Xunta.

e) O contido dos acordos, especificando se foron aprobados e o número de votos de cada unha das propostas.

f) Na acta figurará, previa solicitude de calquera membro da Xunta, o seu voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala a mesa, o texto correspondente.

g. Cada Acta será asinada polo Secretario –ou quen faga as súas veces–, co Visto e Prace do Decano.

h. As Actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade. O equipo decanal poderá enviar copia electrónica do borrador da acta a todos os membros da Xunta con anterioridade á reunión da mesma.

Artigo 17.

1. As Actas, unha vez aprobadas, quedarán baixo a custodia do secretario da Facultade, e poderán ser consultadas na súa presenza por calquera membro da Facultade.
2. Só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta as certificacións expedidas polo secretario co visto e prace do Decano. Con anterioridade á preceptiva aprobación da acta tamén poderán emitirse certificacións sobre os acordos que se adoptaron facendo constar esta circunstancia.

CAPITULO III

DO EQUIPO DECANAL

Artigo 18.

1. O Decano representa a Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. O Decano será elixido pola Xunta entre os profesores doutores pertencentes a corpos docentes universitarios censados no centro que sexan membros dela e será nomeado polo reitor.
3. Segundo se recolle no artigo 103 dos Estatutos da USC, son competencias do Decano:
 - a) A representación da facultade.
 - b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
 - c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da facultade.
 - d) A dirección da política académica da facultade.
 - e) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario da facultade e, de ser o caso, de calquera dos vicedecanos, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
 - f) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
 - g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
 - h) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
 - i) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen estes estatutos ou a lexislación universitaria.
4. As competencias do Decano estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da facultade, de non seren atribuídas a outros órganos.

Artigo 19.

1. Tal e como se recolle no artigo 105 dos Estatutos, o vicedecano ou vicedecanos serán nomeados polo reitor, por proposta do Decano, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72 dos Estatutos. De existiren varios vicedecanos, o Decano designará o que ten que substituílo en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento regulamentario.
2. É labor do vicedecano ou vicedecanos coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do Decano, a área ou áreas de competencias que este lle(s) asigne.
3. O vicedecano ou vicedecanos cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo de proposta do Decano ou a petición propia.

Artigo 20.

1. Tal e como se recolle no artigo 104 dos Estatutos, o secretario da facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o Decano.

2. O secretario será nomeado polo reitor, por proposta do Decano, de entre os profesores ou funcionarios dos grupos A ou B censados no centro.
3. O secretario cesará no seu cargo por decisión do reitor, logo de proposta do Decano ou a petición propia.

CAPÍTULO IV

DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 21.

A Comisión Permanente estará composta por:

- a) O Decano
- b) O vicedecano ou vicedecanos, de ser o caso
- c) O secretario da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente
- d) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta en número de nove, distribuídos do seguinte xeito:
 - 5 docentes,
 - 2 representantes dos estudantes de 1º e 2º ciclo,
 - 1 representante dos estudantes de 3º ciclo,
 - 1 representante do PAS.

Artigo 22.

A Comisión Permanente será elixida entre os membros da Xunta de Facultade, elixindo cada sector aos seus representantes nos seguintes prazos: o profesorado e o PAS cada dous anos, os estudantes e bolseiros despois de cada elección dos seus representantes na Xunta de Facultade. De forma extraordinaria, renovarase a representación de un ou máis sectores cando así o acorde a maioría simple da Xunta de Facultade.

Artigo 23.

A Comisión Permanente é competente para:

1. Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite que non correspondan ás comisións delegadas da Xunta.
2. Coñecer e adoptar acordos sobre calquera asunto que, sendo competencia da Xunta e non estando reservado expresamente ao Pleno, lle fose delegado por este.
3. Establecer as liñas xerais sobre a distribución orzamentaria e a xestión dos espazos e mantemento do centro antes do seu debate no Pleno da Xunta.
4. Asesorar en todas as cuestións que o Decano lle someta no exercicio das súas competencias.
5. Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados polas comisións delegadas e elevados, no seu caso, ao Pleno.

Artigo 24.

O Decano da Facultade informará ao Pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todas as actuacións desta comisión, con excepción das referidas a asuntos de trámite.

Artigo 25.

- 1) A Comisión Permanente reunirse con carácter ordinario como mínimo tres veces ao ano, e con carácter extraordinario sempre que o Decano o considere oportuno ou a petición dun terzo dos seus membros. A reunión ordinaria da comisión poderá ser suplida por unha Xunta de Facultade.
- 2) A convocatoria ordinaria da Comisión Permanente farase como mínimo con 48 horas de antelación. En todos os demais aspectos referidos no seu funcionamento estarase ao previsto

neste Regulamento para a Xunta de Facultade.

3) Os membros da Comisión Permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta. No caso de vacante nalgún dos sectores, procederase a nomear ao suplente dentro do sector correspondente no prazo de tempo máis breve posible.

CAPITULO V

DAS COMISIONS DELEGADAS

Artigo 26.

1. A Xunta de Facultade creará comisións delegadas. As comisións son instancias de asesoramento que actúan por delegación da Xunta de Facultade. A súa función é a de emitir informes, coordinar, estudar e elaborar propostas de carácter operativo sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden. Para o desempeño dos seus cometidos, as comisións contarán coa colaboración do persoal de Administración adscrito á Facultade.

2. As comisións delegadas serán:

- a Académica, que poderá funcionar tamén como Comisión de Título,
- a de Calidade,
- a de Actividades Culturais e Complementarias,
- a de Normalización Lingüística.

- A Comisión de Biblioteca da Facultade rexerese polos Estatutos da Universidade de Santiago e o Regulamento da Biblioteca Universitaria.

3. Á marxe destas comisións de carácter estable, a Xunta de Facultade poderá decidir a creación de comisións de carácter conxuntural para resolveren sobre situacións puntuais ou asuntos concretos.

Artigo 27.

1. Os membros das Comisións Delegadas serán elixidos na Xunta de Facultade. Os membros das comisións renovaranse cada dous anos agás no caso dos estudantes, que o farán anualmente despois de cada elección dos seus representantes.

2. Para o funcionamento ordinario das comisións delegadas seguirase, cando sexa de aplicación, a normativa prevista no presente regulamento para a Xunta de Facultade.

3. As reunións das comisións delegadas serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de 48 horas, agás nos casos de urxencia.

Artigo 28.

1. A Comisión Académica estará presidida polo Decano, ou persoa na que delegue, e dela formarán parte un vicedecano, o secretario, que o será tamén da Comisión, o Responsable de Calidade do Centro, o Coordinador do Título de *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* (e os coordinadores de calquera outro grao que se imparta no centro), o Coordinador do *Máster en Servizos Culturais* (e o coordinador de calquera outro máster que se imparta no centro), dous docentes que sexan coordinadores de curso, o Responsable de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos na Facultade de Humanidades, dous representantes de alumnos de 1º e 2º ciclo e máis un representante de alumnos de 3º ciclo e máster.

2. A Comisión Académica asumirá todas as competencias que o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) outorga á Comisión do Título. Así pois, a Comisión Académica actuará a todos os efectos como Comisión do Título de *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* –e poderá actuar como Comisión do Título de aqueles outros graos que se puidesen ofertar na Facultade–. Amais daquelas funcións específicas que se lle asignen á Comisión do Título no SGIC, correspóndelle á Comisión Académica todo o relacionado co desenvolvemento da actividade docente e investigadora do Centro. En particular, (1) propondrá e tramitará as validacións ou adaptacións de estudos, (2) informará sobre a reforma e seguimento dos planos

de estudos, (3) analizará e promoverá a mellora da calidade didáctica, (4) participará na resolución dos posibles conflitos e reclamacións que poidan xurdir na actividade académica e (5) propondrá a normativa para a obtención do Título de Grao e desenvolverá aquelas outras funcións que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

Artigo 29.

1. A Comisión de Calidade estará presidida polo Decano, ou persona na que delegue, e dela formarán parte o Responsable de Calidade do Centro, os coordinadores das titulacións ofertadas no centro, os docentes (nun número máximo de catro) que o Decano considere oportuno proporlle á Xunta de Facultade para o axeitado funcionamento do SGIC, o Responsable de Apoio á Xestión dos Centros e Departamentos na Facultade e un alumno.

2. Segundo se recolle no SGIC do centro, a Comisión de Calidade é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do centro. A Comisión de Calidade reunirse, cando menos, unha vez cada semestre.

3. Entre as súas funcións principais están o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC e a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

Artigo 30.

1. A Comisión de Actividades Culturais e Complementarias estará presidida polo Decano e dela formarán parte un vicedecano, catro membros do profesorado, tres do alumnado de 1º e 2º ciclo, un do terceiro ciclo ou bolseiro e un membro do persoal de Administración e Servizos. Actuará como secretario o da Facultade.

2. A Comisión ten por funcións:

- a) Encargarse da dinamización cultural da Facultade.
- b) Estudar e facer propostas encol da organización daquelas actividades de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto dos membros da Facultade.
- c) Colaborar nas actividades que organicen os Departamentos ou calquera outro colectivo da Facultade, logo da súa valoración.
- d) Facer propostas verbo do reparto e xestión da partida orzamentaria anual de extensión universitaria da Facultade.
- e) Aqueloutras que expresamente lle sexan delegadas polo Pleno da Xunta.

Artigo 31.

1. A Comisión de Normalización lingüística estará presidida polo Decano e dela formarán parte un vicedecano, catro membros do profesorado, dous do alumnado de 1º e 2º ciclo, un do terceiro ciclo ou bolseiro e un membro do persoal de Administración e Servizos. Actuará como secretario o da Facultade.

2. Esta comisión encargarase das tarefas de normalización lingüística, promovendo actividades relacionadas coa lingua e cultura galegas e analizando a presenza da lingua galega na vida académica e o funcionamento ordinario da Facultade.

3. Esta comisión reunirse cando menos unha vez ao ano co obxecto de presentar informes e propostas no ámbito da súa actuación.

TITULO II

DA ELECCION E REVOGAMENTO DO DECANO

Artigo 32.

A elección e o revogamento do Decano faranse consonte ao Regulamento Electoral Xeral da USC aprobado polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2004 ou daquel que estea en vigor en cada momento.

TITULO III

A REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 33.

A iniciativa para a reforma do Regulamento será adoptada polo decano a iniciativa propia ou tomando en consideración unha proposta asinada polo 25% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 34.

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta. Se a proposta recibe os votos favorables do 50% dos membros presentes, abrírase un prazo para a presentación de emendas e a súa análise nunha comisión específica designada pola Xunta e coa mesma representación que teñan os diversos sectores no Pleno.

Artigo 35.

Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será elevado ó Pleno. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta dos presentes no Pleno da Xunta. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido un prazo dun ano.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

Segunda.

Para o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Tercera.

A Facultade de Humanidades, na liña que establecen os Estatutos da Universidade, promoverá accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

DISPOSICION FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.